

BOLSAS FULBRIGHT PARA ESTUDOS DE POSGRAO EN UNIVERSIDADES DE ESTADOS UNIDOS

Fulbright España convoca ata 20 bolsas para cursar estudos de posgrao en universidades de Estados Unidos en calquera disciplina.

Persoas destinatarias

Mozos/as titulados superiores que estean interesados en programas de Master ou Doutoramento en universidades estadounidenses que cumpran os seguintes requisitos:

- Nacionalidade española
- Título superior obtido entre xaneiro de 2014 e setembro de 2021.
- Excelente coñecemento do idioma inglés. Demostrable mediante o TOEFL (97 para todas as disciplinas excepto Xornalismo e Relacións Internacionais: 100) ou o IELTS, Academic Version (puntuación mínima de 7); ou o exame Duolingo cunha puntuación mínima de 120.
- Adicionalmente, de forma excepcional nesta convocatoria por mor da situación sanitaria e se xa se dispón deles, aceptaranse outros títulos de idioma (Ex. Cambridge, Marco Común Europeo, EOI) cunha puntuación equivalente ás anteriores (Advanced ou C1). Sempre realizados en data posterior ao 14 de abril de 2019. Os candidatos que obteñan a bolsa terán que examinarse do TOEFL de fronte ao proceso de admisión nas universidades de EE.UU.
- Dependendo do tipo de estudo que se queira realizar, pode ser necesaria experiencia profesional e/ou a presentación dos resultados do Graduate Management Admission Test (GMAT).

Asignación

- Viaxe de ida e volta e gastos varios de primeira instalación: 1.300 \$. No caso de que o bolseiro asista a un curso preacadémico: 1.600 \$.
- Asignación mensual de entre 1.400 e 2.760 \$.
- Gastos de matrícula e taxas obrigatorias ata un máximo de 35.000 \$ anuais para programas de máis de 12 meses e ata un máximo de 40.000 \$ para programas dun máximo de 12 meses de duración.
- Seguro médico e de accidentes.

A duración da bolsa será de 10 a 12 meses, renovable por un segundo período de máximo 12 meses. Entre o verán de 2022 e o outono de 2023, segundo o calendario académico da universidade de destino.

O formulario de solicitude electrónica, estará dispoñible **ata o próximo 14 de abril**, na web da Fulbright España.

<https://fulbright.es/programas-y-becas/convocatorias/ampliacion-de-estudios/2022-2023/1677/>